



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Intervención

Bases reguladoras das axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por clubs e asociacións deportivas, e a súa convocatoria para o exercicio 2025

EDICTO

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO ANO 2025 POR CLUBS E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS

O alcalde do Concello de Rianxo aprobou pola Resolución núm. 1322/2025, do 12 de novembro as bases reguladoras das axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por clubs e asociacións deportivas, e a súa convocatoria para o exercicio 2025.

O texto íntegro das bases é o que segue e publícase para o seu xeral coñecemento:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO ANO 2025 POR CLUBS E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS

BASE 1.- OBOECTIVOS DA CONVOCATORIA

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas a promover actividades desenvolvidas durante o exercicio 2025 polas asociacións e clubs deportivos do Concello de Rianxo, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

Durante anos as subvencións a entidades de carácter deportivo seguiron o procedemento de concesión directa, ao estaren previstas nominativamente nas Bases de Execución dos orzamentos correspondentes. Este é o primeiro procedemento de concesión a través do réxime ordinario de concorrencia competitiva, polo que considerouse conveniente acudir ao suposto previsto no artigo 23.2.a) da Lei xeral de subvencións, que prevé que as bases reguladoras das axudas se inclúan na propia convocatoria.

A través da presente convocatoria, a Concellaría delegada de Deportes propón a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1 Obxectivos estratéxicos ou de primeiro nivel.

- Achegar a práctica deportiva ao maior número posible de individuos, empregando para isto aos colectivos existentes no Concello, como mellor instrumento para acadar este fin.
- A existencia dunha vida deportiva estable dentro do Concello de Rianxo, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.
- A participación activa dos/as veciños/as nunha actividade, o deporte, de claro interese público, como medio de promover a formación dos máis novos, e de propiciar a convivencia entre os veciños e veciñas.
- Poñer a disposición do Concello información completa e actualizada das asociacións sen ánimo de lucro do municipio, co fin de promover unha relación fluída cas mesmas, e posibilitar o deseño de políticas eficaces que permitan dinamizar a actividade dos particulares que resulte complementaria das competencias municipais.

1.2 Obxectivos instrumentais ou de segundo nivel.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos secundarios:

- Primar o fomento do deporte entre a xente nova.

- Primar a complementariedade e colaboración con actividades deportivas municipais.
- Acadar o autofinanciamento das entidades como medio de propiciar a sustentabilidade dos clubs e asociacións deportivas, primando aquelas que acheguen unha maior porcentaxe de fondos alleos ao Concello para financiar as actividades desenvoltas.
- Fomentar a práctica do deporte feminino primando a aquelas entidades que o promovan.
- Fomentar a práctica do deporte adaptado primando a aquelas entidades que o promovan.

BASE 2.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Rianxo está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo (BOP núm. 234, do 10/12/2013).
- Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Rianxo.

BASE 3.- OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas a promover **actividades desenvoltas durante o exercicio 2025 polas asociacións e clubs deportivos do Concello de Rianxo.**

BASE 4.- FINANCIAMENTO

O importe da convocatoria destas axudas ascende a un total de 40.000 €. Este gasto imputarase á aplicación orzamentaria 341.48900.

Dado que a concesión das axudas terá lugar no exercicio 2026, a convocatoria tramítase de forma anticipada, polo que non é preciso dispoñer en 2025 do RC correspondente. En calquera caso, deberá acreditarse a existencia de crédito axeitado e suficiente antes do acordo de concesión.

Establécese a posibilidade de incrementar o importe máximo desta convocatoria. O dito incremento ven condicionado á existencia de crédito orzamentario dispoñible para a mesma finalidade, ben como consecuencia dunha modificación orzamentaria ou por unha maior previsión no orzamento do dito exercicio. Para que este importe adicional sexa efectivo, deberá aprobarse por Resolución da Alcaldía, tras as modificacións orzamentarias que procedan, antes da resolución de concesión.

BASE 5.- BENEFICIARIOS

5.1. Requisitos xerais

Os beneficiarios/as de subvencións convocadas polo Concello de Rianxo deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- a) Non estar incurso/a en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2033, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, a Axencia Tributaria de Galicia (Atriga), coa Seguridade Social e co Concello de Rianxo.
- c) Non ter pendente a xustificación dalgunha subvencións anterior, a non ser que lles fose concedida unha prórroga.

5.2. Requisitos específicos da convocatoria

Poderán ser beneficiarios/as das subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións e clubs deportivos que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas.
- b) Ter o domicilio social no termo municipal de Rianxo.
- c) Será requisito indispensable que os datos da inscrición da asociación estean debidamente actualizados no momento de solicitar a achega.
- d) Desenvolver as súas actividades no termo municipal do Concello de Rianxo.

BASE 6.- GASTOS SUBVENCIONABLES

6.1. Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables ao abeiro desta convocatoria as actividades de índole deportiva desenvolvidas polas entidades e clubs indicados na base 5.

Considéranse subvencionables os gastos que reúnan os seguintes requisitos:

- Que de maneira indubidable correspondan ás actividades subvencionadas.
- Que poidan ser acreditados mediante a presentación de facturas e/ou xustificantes de gasto, así como polos correspondentes xustificantes de pago, nos termos da base 11.3.
- Que foran efectivamente pagados antes da finalización do prazo establecido para a xustificación.
- Que o seu prezo se axuste ao prezo de mercado.

Con carácter enunciativo, serán subvencionables os seguintes conceptos de gasto, sempre que cumpran os restantes requisitos:

- As cotas de inscrición en competicións oficiais.
- Dereitos de xuíces e árbitros oficiais.
- Cotas a entidades deportivas (licenzas das federacións).
- Equipamento de adestramento e competición.
- Primas seguros (seguros deportivos e outros relacionados coa actividade deportiva).
- Os gastos derivados da contratación de persoal directamente relacionado cos programas obxecto da subvención.
- Traballos realizados por outras empresas (lavandería e seguridade).
- Aloxamentos e manutención para o desenvolvemento da actividade.
- Gastos de combustible relacionados coa actividade da entidade.
- Transportes (utilización de medios de transporte a cargo da entidade para o desenvolvemento da actividade. Non se admite transporte particular).
- O alugueiro de material imprescindible para o desenvolvemento das actividades previstas.
- Outros gastos relacionados coa actividade subvencionada.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017 de 8 de novembro da Lei de Contratos do Sector público para o contrato menor, o beneficiario/a deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso da prestación do servizo, salvo que polas esenciais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade a subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta de menor importe.

6.2. Gastos non subvencionables

Non serán subvencionables os seguintes gastos:

- Gastos vinculados á realización de obras que supoñan unha mellora estrutural do investimento no que se realicen, unha ampliación ou un incremento da súa vida útil.
- Os gastos correntes relativos a luz, teléfono, xuros e outros gastos de contas bancarias.
- Xuros, recargas e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos indirectos cando son susceptibles de recuperación ou compensación.
- Gastos que non se axusten aos conceptos recollidos nos apartados anteriores ou non se correspondan co período fixado nesta convocatoria.

6.3. Ámbito temporal

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realizaran no período comprendido **entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025**.

BASE 7.- COMPATIBILIDADES E EXCLUSIÓN

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das axudas non supere o custo da actividade ou o investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do Concello de Rianxo.

BASE 8.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1. Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

8.2. Lugar de presentación

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentaranse na sede electrónica do Concello de Rianxo mediante os modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria. Igualmente poderá presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REC), ao que poderá acceder desde o enlace dispoñible na sede electrónica do Concello de Rianxo.

8.3. Documentación

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

- Modelo normalizado de solicitude, xunto coa documentación que se indique naquel.
- Anexo I. Proxecto deportivo.
- Anexo II. Orzamento da actividade e declaración de axudas.
- Anexo III. Declaración responsable do/a presidente/a da entidade para a solicitude de concesión da axuda.
- Anexo IV. Certificación de cargos da entidade.

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

BASE 9.- COMPROMISOS E OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

9.1. Compromisos e obrigas xerais

As entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/as actividade/s ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e na finalidade para a que foron outorgados.
- c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.

- d) Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación /publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.
- e) Proporcionar ao servizo xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos do seguimento, avaliación e planificación, así coma facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.
- f) Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis axeitados.
- g) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento de ditas circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- j) Empregar no exercicio das súas actividades unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo ou con connotacións de tipo sexual ou denigratorio, segundo o que dispón o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.

9.2. Compromisos e obrigas específicos desta convocatoria

- a) O persoal ao que corresponda a realización de actividades cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
- b) **Difusión do carácter público do financiamento.** As entidades beneficiarias deberá dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, unha vez comunicada a resolución da concesión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións.

En particular, todos os clubs e entidades deportivas que reciban subvención nesta convocatoria terán que levar na súa vestimenta deportiva o logo do Concello de Rianxo e, en caso de dispor de medio de transporte, un adhesivo do citado logo. Tamén se utilizará o citado logo na páxina web, así coma nas redes sociais oficiais da entidade.

BASE 10.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrència competitiva.

10.1 Inicio

O inicio do procedemento terá lugar coa aprobación da convocatoria pola Xunta de Goberno Local, da que se publicará un estrato no BOP a través da BDNS, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, como mínimo.

10.2. Instrución

1. A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Concellaría delegada en materia de deportes, que terá o carácter de órgano instrutor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.
2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.
3. De conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:
 - Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
 - Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas de conformidade cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na base seguinte.

4. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixera se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolucións que deberá ser ditadas nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

5. O órgano instrutor deberá emitir informe no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións reguladas nesta convocatoria.
6. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución debidamente motivada, co seguinte contido:
- A relación de solicitudes denegadas, coa indicación do motivo.
 - A relación de solicitudes admitidas, ordenadas de maior a menor puntuación, con:
 - Indicación expresa de que reúnen os requisitos para seren beneficiarias das axudas.
 - Puntuación obtida, desagregada por cada un dos criterios e subcriterios.
 - Actividades subvencionadas.
 - Axuda proposta.
 - Importe do gasto mínimo a xustificar.

10.3. Comisión avaliadora

1. A Comisión Avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a:	- A persoa titular da Concellería delegada en materia de deportes.
Vogais	- Dous técnicos do Servizo de Deportes, dos cales un actuará igualmente como secretario/a da Comisión.

2. A Comisión avaliadora deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude presentada, aplicando os criterios de valoración establecidos no apartado seguinte (10.4)
3. O resultado da valoración recollerase nunha acta que incluíra as puntuacións outorgadas, desagregadas por cada un dos criterios e subcriterios, a actividade subvencionada, o importe da axuda proposta e a do gasto a xustificar. Así mesmo, relacionará as solicitudes que non pasaron á fase de valoración e os motivos disto.

10.4 Criterios de valoración das solicitudes

A selección das peticións e a contra das subvencións a conceder determinarase despois da consideración das actividades a realizar e dos certificados federativos presentados, de acordo en todo caso co seguinte baremo:

	DESCRIPCIÓN.	PUNTUACIÓN MÁXIMA
A	Número de licenzas federativas e XOGADE	30 puntos
B	Número de equipos que participan en competicións oficiais federadas e XOGADE	30 puntos
C	Nivel da categoría	20 puntos
D	Titulación do persoal técnico da entidade	20 puntos
E	Orzamento	20 puntos
F	Uso de instalacións municipais	10 puntos
G	Promoción do deporte adaptado	5 puntos
H	Arraigo social	5 puntos
I	Colaboración en actividades municipais	5 puntos
TOTAL		115 PUNTOS

As asociacións e clubs deportivos deberán escoller, aos efectos de determinar a puntuación que lle corresponde, entre o criterio “A” ou o criterio “B”. En todo caso, valorarase o máis favorable para a entidade.

Teranse en conta as licenzas federativas e o número de equipos que se acrediten mediante certificación oficial. No caso de que no ano natural haxa variacións entre as licenzas ou o número de equipos entre diferentes tempadas, valorarase o máis favorable para a entidade.

A. Número de licenzas oficiais federadas e XOGADE. 30 puntos.

LICENZAS	PUNTOS	LICENZAS	PUNTOS	LICENZAS	PUNTOS	LICENZAS	PUNTOS
1 - 5	1	De 26 a 30	6	De 51 a 55	12	De 76 a 80	22
6 - 10	2	De 31 a 35	7	De 56 a 60	14	De 81 a 85	24
11 - 15	3	De 36 a 40	8	De 61 a 65	16	De 86 a 90	26
16 - 20	4	De 41 a 45	9	De 66 a 70	18	De 91 a 95	28
21 - 25	5	De 46 a 50	10	De 71 a 75	20	+ 95	30

B. Número de equipos participan en competicións oficiais federadas e XOGADE. 30 puntos.

EQUIPOS	PUNTOS	EQUIPOS	PUNTOS	EQUIPOS	PUNTOS
1 equipo	2 ptos	6 equipos.	12 ptos.	11 equipos.	22 ptos.
2 equipos	4 ptos.	7 equipos.	14 ptos.	12 equipos	24 ptos.
3 equipos	6 ptos.	8 equipos.	16 ptos.	+ 12 equipos	30 ptos.
4 equipos	8 ptos.	9 equipos.	18 ptos.		
5 equipos	10 ptos.	10 equipos	20 ptos.		

C. Nivel da categoría. 20 puntos.

- a. Competicións regulares (ligas). Ata 10 puntos
 - i. Competición autonómica: 3 puntos por cada equipo e 1,5 por cada deportista.
 - ii. Competición nacional: 6 puntos por cada equipo e 3 por cada deportista.
- b. Campionatos puntuais. Ata 7 puntos
 - i. Competición autonómica: 2 puntos por cada equipo e 0,5 por cada deportista.
 - ii. Competición nacional: 4 puntos por cada equipo e 2 por cada deportista.
- c. Seleccións. Ata 3 puntos
 - i. Galega: 1 punto por deportista sénior, 0,5 no resto de categorías.
 - ii. Española: 2 puntos por deportista sénior, 1 no resto de categorías.

D. Persoal técnico da entidade. 20 puntos.

Cada persoa só pode puntuar nun dos apartados.

- a. Adestradores/as. 15 puntos.

TITULACIÓN	PUNTUACIÓN
Por cada Adestrador/a Nivel III da modalidade deportiva ou equivalente, Graduado/a en Ciencias Actividade da Física e o Deporte ou equivalente.	5 ptos.
Por cada Ciclo Superior da familia da Actividade Física e o deporte/ Adestrador/a Nivel II da modalidade deportiva ou equivalente.	3 ptos.
Por cada Adestrador/a Nivel I.	2 ptos.
Por cada Adestrador/a Nivel 0 ou Monitor de Base	1 ptos.

b. Dirección / Coordinación Deportiva. 5 puntos.

TITULACIÓN	PUNTUACIÓN
Nivel III ou equivalente, Graduado/a en Ciencias Actividade da Física e o Deporte (ou equivalente).	5 pts.
Ciclo Superior da familia da Actividade Física, Adestrador/a Nivel II ou equivalente.	3 pts.

E. Orzamento. 20 puntos

a. Orzamento total. 10 puntos

Gastos < 5.000€: 1 pto	40.001 - 50.000: 6
5.001 - 10.000: 2	50.001 - 60.000: 7
10.001 - 20.000: 3	60.001 - 70.000: 8
20.001 - 30.000: 4	70.001 - 80.000: 9
30.001 - 40.000: 5	+ 80.000: 10

b. Porcentaxe de autofinanciamento (restadas as axudas públicas). 10 puntos

0 - 10 %: 2	50,1 - 60 %: 7
10,1 - 20 %: 3	60,1 - 70 %: 8
20,1 - 30 %: 4	70,1 - 80 %: 9
30,1 - 40 %: 5	+ 80 % : 10
40,1 - 50 %: 6	

6. Uso de instalacións municipais. 10 puntos.

Instalación privada ou pública non municipal sen xestión de uso polo Concello: Club de Remo, Club de Piragüismo, Club Náutico.	10 pts.
Uso de instalación municipal ou xestionada polo Concello de Rianxo: pavillóns municipais de Rianxo e Taragoña, campos de fútbol da Lomba e Vilas, Campo de Rugby da Santa Lucía, Colexio de Asados, Circuíto de Autocross.	0 pts.

7. Deporte adaptado - 5 puntos

Adestramento regular e competición	3 pts.
Actividades puntuais	2 pts.

8. Arraigo social. 5 puntos.

SOCIOS	PUNTOS	SOCIOS	PUNTOS
0 - 25	0	76 - 100	3
26 - 50	1	100 - 125	4
50 - 75	2	+126	5

9. Colaboración en actividades municipais (achega voluntarios para actividades municipais, asistencia a actividades formativas...) cursos (DESA). 5 puntos.

1 actividade - 1 punto.

2 actividades - 2 puntos.

+ 2 actividades - 5 puntos.

10.4 Determinación do importe da subvención concedida

O importe da subvención concedida a cada club ou asociación deportiva virá determinado pola seguinte fórmula:

$$X = (B \times C) / A$$

X: importe acordado pola entidade.

B: puntuación obtida pola entidade resultante da documentación aportada.

C: consignación orzamentaria total.

A: puntos totais dos clubs ou asociacións deportivas participantes no proceso.

10.5 Puntuación mínima

Todas as entidades que non alcancen unha puntuación mínima de 20 puntos, de acordo cos criterios antes recollidos e coa fórmula indicada no apartado anterior, quedará excluídas.

10.6. Resolución

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Alcaldía ou o órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación, ditará resolución definitiva.

A resolución de concesión deberá conter a relación das solicitudes estimadas, desestimadas, desistidas e non admitidas a trámite.

As resolucións que estimen as solicitudes expresarán en relación con cada unha delas o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o orzamento subvencionado.

As que desestimen as solicitudes ou as que non se admitan a trámite motivarán debidamente esta circunstancia.

Así mesmo, a resolución incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo as condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de entidades beneficiarias, non sexan estimadas por non cumprir os requisitos de puntuación mínima, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma.

10.7. Prazo de resolución e notificación

A resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de dous meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.8. Recursos

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de concesión da subvención). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

BASE 11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

11.1. Importe a xustificar

O importe a xustificar será o importe da axuda concedida (coeficiente de financiamento igual a 1). Non obstante, no caso de que a entidade obtivese para a mesma finalidade outras axudas, tanto de entidades públicas ou privadas, deberá xustificar a suma de todas elas e a concedida polo Concello de Rianxo.

11.2. Prazo de xustificación

O prazo para presentar a conta xustificativa será de 15 días hábiles desde a notificación da concesión da axuda.

11.3. Documentación xustificativa

1. A obriga de xustificar a achega concedida deberá cumprirse mediante a presentación da seguinte documentación:

- Anexo V. Declaración responsable do/a presidente/a da entidade par aa xustificación da axuda concedida.
- Anexo VI. Certificación de ingresos e gastos.

- Facturas e/ou outros documentos xustificativos, xunto cos xustificantes de pago. A xustificación dos pagos poderá realizarse polos seguintes medios:
 - Mediante o xustificante de recepción asinado por unha persoa representante do emisor da factura (co selo do establecemento) e a persoa habilitada do pago para xustificar.
 - Mediante xustificante bancario do pagamento.
 - En ningún caso se aceptará como válido a indicación de “pagado” manuscrito ou estampado cun selo sobre a factura/documento xustificativos.
- Publicidade da colaboración do Concello de Rianxo
- Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, no seu caso.

2. Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior. **É requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.**

3. Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer aos beneficiarios/as de subvencións como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou material obxecto de financiamento polo Concello de Rianxo, que terá os efectos previstos no artigo 17.3. h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de subvencións de Galicia.

4. En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto, debe-rase aportar:

- Contratos de traballo.
- Nóminas aboadas e os boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como os documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

5. Material empregado para o cumprimento do deber de difusión do carácter público do financiamento, de acordo co indicado na base 9.2.b).

Acreditación da utilización do logotipo do Concello de Rianxo na vestimenta de competición, no material gráfico de difusión e na páxina web da entidade, e do emprego da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas.

11.4. Tramitación da xustificación

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, enténdese que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiario/as achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.

Se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención xustificada, deducidos os anticipos realizados.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada ao/á interesado/a.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto polo 100 % do importe a xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100 % e, polo menos, do 50% do importe a xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50 % do importe a xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

Completada a documentación e emitido o informe proposta favorable ao pagamento, no que se concrete o importe da subvención que proceda aboar ao/á beneficiario/a, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

11.5. Xustificación extemporánea

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nas bases sen que o/a beneficiario/a presente a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

11.6. Pagamento

Regúlase o pagamento anticipado do 50% do importe da subvención concedida, en virtude do disposto no artigo 31.6 da Lei de subvencións de Galicia. No momento de acordar a concesión da axuda tamén se acordara o pagamento anticipado do 50% do importe concedido. Non será preciso que as entidades beneficiarias presenten garantía do dito anticipo.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro, en cuxo caso deberá acordarse o inicio do procedemento de reintegro do importe que corresponda.

A resolución da aprobación da conta xustificativa deberá indicar o importe da subvención xustificada, o importe do anticipo e a contía que resta por abonar ou que procede reintegrar pola entidade.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada polo/a beneficiario/a.

No caso de non estar ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Rianxo advertirase ao/á beneficiario/a de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de 3 meses para xustificar que ten regularizada a súa situación.

De non achegar xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada e o reintegro do 50% anticipado.

BASE 12.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos nos artigos 37 da Lei 38/2003 do 17 de novembro e 33 da Lei de subvencións de Galicia.

BASE 13.- RÉXIME SANCIONADOR

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

No caso de **incumprimento dos prazos de xustificación**, se a dilación no cumprimento do prazo non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo que suporá o 30% do importe da subvención.

BASE 14.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

BASE 15.- RÉXIME XURÍDICO.

A normativa que regula a concesión destas axudas, no non establecido nestas bases será a establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:

- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Rianxo publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais que figuren na documentación presentada polas entidades solicitantes das axudas só se empregarán para comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión e xustificación das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Rianxo.

Rianxo, asinado dixitalmente

O alcalde, Julián Bustelo Abuín

ANEXOS

SOLICITUDE

DATOS DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos	
DNI	
Domicilio	
Municipio	
Teléfono	
Dirección electrónica	

DATOS DA ENTIDADE:

Nome	
CIF	
Domicilio	
Municipio	
Teléfono	
Dirección electrónica	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Rianxo para a promoción e dinamización do deporte rianxeiro SOLICITO

1. A concesión dunha subvención para a realización da/s actividade/s que se indican a continuación:

Actividade	
Importe da actividade	

2. Que o pagamento da axuda se realice na seguinte conta bancaria (no caso de que se trate dunha nova conta bancaria, deberá achegarse un certificado de titularidade da conta bancaria expedido e asinado pola entidade financeira):

CODIGO BIC OU SWIFT (8 ou 11 caracteres)																											
IBAN E CONTA BANCARIA	E	S																									

DOCUMENTACIÓN ANEXA:

- ☐ Anexo I Proxecto deportivo.
- ☐ Anexo II Orzamento.
- ☐ Anexo III Declaración responsable correspondente á solicitude de subvención.
- ☐ Anexo IV Certificación dos cargos da entidade.
- ☐ CIF da entidade. No caso de telo presentado no concello, indicar en que expediente (dos últimos 5 anos).
EXPEDIENTE _____ ANO _____
- ☐ Certificado federativo _____
- ☐ Certificado federativo _____
- ☐ Anexo V Declaración responsable correspondente á conta xustificativa.
- ☐ Anexo VI Certificación dos ingresos e gastos das actividades subvencionadas.
- ☐ Facturas e/ou outros documentos xustificativos.
- ☐ Publicidade da colaboración do Concello de Rianxo.

☐ Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, no seu caso.

☐ Outros: _____

TRATAMENTO DE CONSULTAS ENTRE ADMINISTRACIÓNS

Os documentos relacionados poden ser obxecto de consulta entre as administracións públicas. No caso de non permitir a súa consulta, deberá achegar a documentación xunto coa solicitude.

AUTORIZO a consulta automática da seguinte documentación:

☐ Certificado de estar ao corrente de pago de obrigacións tributarias (AEAT)

☐ Estar ao corrente de pago coa Xunta de Galicia para percibir axudas ou subvencións (ATRIGA)

OPÓÑOME á consulta automática da seguinte documentación:

☐ Datos de identidade de persoas físicas (presidente/a e secretario/a) (DGP)

☐ Estar ao corrente de pago coa Seguridade Social (TGSS)

No caso de opoñerme, indico brevemente o motivo: _____

Rianxo, _____ de _____ 2025.

O/a presidente/a _____

ANEXO I – PROXECTO DEPORTIVO

DATOS DEPORTIVOS DA ENTIDADE (deixar en branco o que non proceda)

CATEGORÍA	NIVEL DEPORTIVO DA COMPETICIÓ (Indicar o máis alto)	Nº DE EQUIPOS	Nº DEPORTISTAS	M	F
Prebenxamín					
Benxamín					
Alevín					
Infantil					
Cadete					
Xuvenil					
Sénior					
Veterano					
TOTAL					
Engadir certificado federativo do número de equipos coa competición na que participan e número de deportistas desglosado por categoría e xénero.					

Nº DE SOCIOS	
PARROQUIA	

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE (Explicación das actividades, medios utilizados, temporalización, experiencias anteriores, etc.)

OBXECTIVOS A ACADAR COAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS <i>(Explicación dos obxectivos a curto e longo prazo, como se miden, cando se entenden acadados, etc.)</i>	

[illegible]

DEPORTE ADAPTADO <i>Adestramento regular, competicións, actividades puntuais...</i> <i>(Engadir copia da titulación e ficha/certificado federativo/a dos adestradores así como o nivel deportivo)</i>	
LICENZAS DEPORTISTAS/TÉCNICOS	
COMPETICIÓN/NIVEL DEPORTIVO	
OUTRAS ACCIÓNS	

COLABORACIÓN CO CONCELLO DE RIANXO EN ACTIVIDADES MUNICIPAIS <i>Voluntariado, participación en actividades formativas</i>	
ACTIVIDADE/EVENTO	DESCRIPCIÓN COLABORACIÓN

USO DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS OU PÚBLICAS <i>Campos de fútbol municipais, campo de rugby, pavillóns deportivos e outros espazos públicos (colexio, instituto, centro social).</i>	
INSTALACIÓN	HORAS DE USO SEMANAL

Rianxo, _____ de _____ 2025.
O/a presidente/a _____

ANEXO II – ORZAMENTO DA ACTIVIDADE E DECLARACIÓN DE AXUDAS

INGRESOS PREVISTOS			GASTOS PREVISTOS		
CONCEPTO ¹		IMPORTE (€)	CONCEPTO		IMPORTE (€)
Cotas da entidade			Gastos de persoal		
Subvencións	Concello de Rianxo (ano 2024)		Gastos de profesionais (detallar)		
	Deputación Provincial				
	Xunta de Galicia				
	Outras		Gastos de subministracións (detallar) <i>Non se inclúen investimentos</i>		
Outros ingresos (detallar)					
Contribución propia			Gastos de servizos (detallar)		
-					
-					
-					
(A) Ingresos totais			(B) Gastos totais		

1 Ver Anexo de información – gastos subvencionables

(A) Ingresos totais	
(B) Gastos totais	
(C) = (A) - (B) Equilibrio/déficit	

Así mesmo, DECLARO

Que a entidade por min representada solicitou as seguintes axudas para a mesma actividade para a que se solicita subvención (marcar cunha X a opción seleccionada):

___ A entidade non obtivo ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Rianxo.

___ A entidade obtivo ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Rianxo.

Organismo concedente	Obxecto	Importe solicitado	Importe concedido

No caso de que non se resolverse a solicitude de subvención, deberá indicarse *Pendente*.

As subvencións deben reflectirse nos ingresos certificados na táboa do apartado 1 deste anexo.

Rianxo, _____

O/a presidente/a _____

ANEXO III – DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE PARA A SOLICITUDE DE CONCESIÓN DA AXUDA

DATOS DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos	
DNI	
Dirección	
Municipio	
Teléfono	
Dirección electrónica	

DATOS DA ENTIDADE:

Nome	
CIF	
Número do rexistro de asociacións (non é obrigatorio)	

En relación ao proxecto para o cal solicito unha subvención do Concello de Rianxo ao amparo da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

- Que coñezo e acepto as bases da convocatoria promovida polo Concello de Rianxo para apoio a actividade xeral do deporte correspondente ao exercicio 2025.
- Que a entidade representada por min conta cun número _____ de socios activos.
- Que a entidade representada por min está ao corrente dos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo para o seu acceso á condición de beneficiaria de unha subvención ao amparo da convocatoria indicada, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.
- Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario/a dunha subvención pública, de acordo co artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que todas as persoas encargadas da realización da/s actividade/s ou proxecto/s, cuxas tarefas implican un contacto regular con menores, cumpren o requisito establecido no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, do voluntariado.
- Que, non obstante o anterior, no caso de terse oposto enta entidade á consulta automatizada da ausencia de débedas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou coa Axencia Tributaria de Galicia, achego a documentación xustificativa destes supostos necesaria para a xestión do trámite.
- Que a entidade representada por min comprométese a facer constar a colaboración do Concello de Rianxo nos diferentes soportes (comunicacións, cartelería, material, redes sociais, vestimenta, etc.) a través da súa imaxe corporativa.
- Que a entidade representada por min se somete á actuacións de comprobación e á aportación da documentación que o Concello de Rianxo poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de serlle concedida, si corresponden cos fins para os que se solicita.

Rianxo, _____ de _____ 2025.

O/a presidente/a _____

ANEXO IV – CERTIFICACIÓN DE CARGOS DA ENTIDADE

DATOS DA ENTIDADE:

Nome	
CIF	

DATOS DO/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos	
DNI	

CERTIFICO

Que o órgano competente da entidade acordou os seguintes nomeamentos na sesión que se indica:

PRESIDENTE/A	
Nome e apelidos	
DNI	

SECRETARIO/A	
Nome e apelidos	
DNI	

Órgano que adoptou o acordo	
Data do acordo	

Rianxo, _____ de _____ 2025

O/a secretario/a, _____

Visto e praxe, o/a presidente/a _____

ANEXO V – DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE PARA A XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA

DATOS DA ENTIDADE:

Nome	
CIF	

DATOS DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos	
DNI	

DECLARO:

- Que se executaron as actividades financiadas coa subvención concedida polo Concello de Rianxo para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións comerciais ou profesionais, ao amparo da convocatoria correspondente e que se acadaron os obxectivos propostos.

DETALLE NUMERADO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS (Explicación das actividades, datas, medios utilizados, temporalización, publicidade das accións e da colaboración do concello, etc.)
1.
2.
3.

OBXECTIVOS ACADADOS COAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS (Explicación dos obxectivos a curto e longo prazo, como se miden, cando se entenden acadados, etc.)
1.
2.
3.

- Que a entidade representada por min está ao corrente dos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo para o seu acceso á condición de beneficiaria de unha subvención ao amparo da convocatoria indicada, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.
- Que, non obstante o anterior, no caso de terse oposto enta entidade á consulta automatizada da ausencia de débedas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou coa Axencia Tributaria de Galicia, achego a documentación xustificativa destes supostos necesaria para a xestión do trámite.
- Que a entidade representada por min fixo constar a colaboración do Concello de Rianxo nos diferentes soportes (comunicacións, cartelería, material funixble, redes sociais, etc.) a través da súa imaxe corporativa.

Rianxo, _____ de _____ 2025.

O/a presidente/a _____

ANEXO VI – CERTIFICACIÓN DE INGRESOS E GASTOS

DATOS DA ENTIDADE:

Nome	
CIF	

DATOS DO/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos	
DNI	

Como secretario/a da entidade arriba indicada, CERTIFICO

1. Que, para as actividades subvencionadas, a relación de gastos e ingresos efectivamente realizado pola entidade por min representada é a que se reproduce a continuación:

INGRESOS REALIZADOS			GASTOS REALIZADOS		
CONCEPTO		IMPORTE (€)	CONCEPTO		IMPORTE (€)
Cotas da entidade			Gastos de persoal		
Subvencións	Solicitada ao concello		Gastos de profesionais (detallar)		
	Deputación Provincial				
	Xunta de Galicia				
	Outras		Gastos de subministracións (detallar) <i>Non se inclúen investimentos</i>		
Outros ingresos (detallar)					
Contribución propia			Gastos de servizos (detallar)		
-					
-					
-					
(A) Ingresos totais			(B) Gastos totais		

1 Ver Anexo de información – gastos subvencionables

(A) Ingresos totais	
(B) Gastos totais	
(C) = (A) - (B) Equilibrio/déficit	

2. Que a relación de facturas e documentos equivalentes, seleccionados para xustificar a axuda concedida, é a que segue:

Nº orde	Actividade (*)	Expedidor da factura (CIF)	Nº de factura	Data factura	Data pago	Concepto	Importe
							Total gastos

(*) Sinalarase a actividade realizada coa que se corresponde das enumeradas no anexo V

O importe *Total gastos* debe ser igual ou superior á suma das subvencións públicas concedidas que financian a actividade.

O importe dos conceptos facturados incluídos na relación debe figurar no cadro de ingresos e gastos do apartado 1 deste anexo.

3. Detalle dos ingresos que financiaron a actividade (marcar cunha X a opción que corresponda):

___ A entidade non obtivo ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Rianxo.

___ A entidade obtivo ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Rianxo.

Organismo concedente	Obxecto	Importe solicitado	Importe concedido

No caso de que non se resolverse a solicitude de subvención, deberá indicarse *Pendente*.

As subvencións deben reflectirse nos ingresos certificados na táboa do apartado 1 deste anexo.

Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar a documentación xustificativa indicada na convocatoria.

Rianxo, _____ de _____ 2025.

O/a secretario/a _____

Visto e prace, o/a presidente/a _____

Rianxo, venres 14 de novembro de 2025

O alcalde, Julián Bustelo Abuín

2025/7651